

# Cuarteto nuclear: sobre a India e Paquistán

## Description

A foto do apertón de mans entre o primeiro ministro da India, Atal Behari Vajpayee, e o presidente de Paquistán, o xeneral Pervez Musharraf, que anuncia a apertura de conversacións formais para solventar as diferenzas entre ambos países, é interpretada por moitos como un dos xestos que confirmarán que o mundo está mellor agora, trala guerra de Iraq, que terá propiciado a aparición de insospeitados eixos do Ben. Isto, certos países d'ascoslos estarán a tranquilizar as tentativas rebeldes, estouparen as armas nucleares neste caso, perante a asertividade da Administración Bush.

A disputa indo-paquistanesa, contemplada a miúdo coma unha simple loita pola rexión de Cachemira, encádrase nun marco xeopolítico moito máis amplo, no que a consideración, principalmente israelí, da bomba de Paquistán como isomílica, implica a vez a súa dimensión oriental (India) e occidental (Oriente Medio). Así, a finais do pasado mes de decembro, o xornal estadounidense The Washington Post revelou que o programa nuclear no que traballa Irán recibiu un apoio substancial de Paquistán, que lle terá subministrado a tecnoloxía avanzada necesaria para se converter en potencia atómica (algo que tamén terá feito nos casos de Corea do Norte e Libia). Irán viña de asinar o Protocolo Adicional do Tratado de Non Proliferación Nuclear, pero a revelación do Post semella ter acendido a Defensa israelí. Sa'at Mofaz, ministro do ramo, declarou que Israel non permitirá que Irán acadase capacidade nuclear, e non desbotou a realización dunha operación militar contra ese país: serían tomadas todas as medidas precisas para que a poboación iraniana non sufrira ningún dano. Israel, o único país de Oriente Medio que posúe, segundo os expertos, armamento nuclear (preto de 200 cabezas atómicas), considera o programa iraniano intolerable.

A historia do Post, polo demais insidiosamente incompleta, falaba de Irán e Paquistán; a intervención das autoridades israelís introduce a cuarta compoñente, xa que, dende os anos 70, este país vón prestando un apoio crucial ao desenvolvemento nuclear e misilístico da India. Cando, en 1962, o primeiro ministro indio, Jawaharlal Nehru, abandonando a súa política de non alianzas, pediulle a Kennedy que asistise militarmente a India, este alentouno a que se achegase a Israel, dándolle instrucións á CIA nese sentido. Seguindo o mesmo modelo, nos 70, Washington dirixía os reximes dictatoriais de América Central a se prover de armas en Israel, xa que os EEUU non debían subministralas directamente debido ao seu repentino celo no descubrimento dos dereitos humanos.

De aí en diante, o auxe do petróleo posibilitou o achegamento dos Estados do Golfo a Paquistán, nuns movementos que colleron o cariz dunha ameaza na consideración israelí. O estatus nuclear de Paquistán foi moi benvido como contrapeso de Israel dende moitas partes da rexión do Golfo, onde os emigrados paquistaneses xogan un importante papel nas economías de media ducia de países, as que proporcionan man de obra especializada e sen especializar, formando parte substancial das súas Forzas Armadas.

Por outra parte, a emerxencia da India como potencia nuclear, demográfica, económica e consumidora é un falso descubrimento recente por parte dos EEUU. A India, como futuro contrapeso xeoestratéxico a China, é o cliente militar favorito de Rusia, Francia e os propios EEUU, mantendo este senllos acordos de cooperación militar con aquel país e Paquistán, e sentando logo a contempla-lo desenvolvemento do paralizante equilibrio da destrución mutua asegurada ao estilo terceiro mundista.

Paquistán, certamente, un títere estadounidense. Os límites da súa bomba dependen de Washington (que lle permitirá utilizalas ou llas destruír), e tamén o alcance das operacións encubertas do ISI á intelixencia militar paquistanesa, a miúdo vencellada á CIA na Cachemira india, provendo soporte ás actividades dos grupos secesionistas islámicos. Ambos son límites sen posible acoutamento real e, ademais, corren maos tempos para o islamismo militante. Curiosamente, namentres a Administración Bush, tralo 11 de setembro de 2001, xuraba protección eterna a Musharraf, a cooperación militar coa India experimentou un importante incremento trala visita do secretario de Defensa Rumsfeld a India, na que prometeu exercicios conxuntos dos dous exércitos na guerra contra o terrorismo. Durante o ano seguinte, a India e Paquistán estiveron novamente ao bordo da guerra esta vez con armas nucleares cando menos dúas veces, segundo confirmou o diario progubernamental India Today.

O xeneral Musharraf semella burlado, sobre todo trala acusación iraniana para se aforra-las sancións internacionais, pero unha Unión India sen fracturas territoriais e con bomba cicais será demasiado grande. De momento, Washington precisa de ambos, e a apertura do diálogo India-Paquistán, tralo alto o fogo na Cachemira, abre unha nova perspectiva de integración económica rexional, pola que os dous países, máis Bangla Desh, Bután, Nepal, Sri Lanka e Maldivas porán en marcha o Acordo de Libre Comercio para o Sur de Asia (SAFTA) a partir de 2006.

A fracturación e o empobrecemento da India e Paquistán, acrecentados polo incendio exterior do interminable conflito da Cachemira, consolouse ata o de agora na posesión duns mísiles nucleares que son vistos como símbolos de gloria nacional, non de destrución e morte. Como a guerra nuclear é considerada unha lonxana abstracción, a defensa civil é practicamente inexistente. Coa tecnoloxía nuclear como punta de lanza, ábrese o mercado a outros produtos. Neste contexto, sobre todo na India porque simplemente pode pensar aínda a longo prazo, o novo imperialismo é ben recibido pola pequena estratexia, pensando tamén que unha perda de control estadounidense sobre Paquistán é a recuperación pola forza un cerco directo á soberanía india.

Non son os astros a determina-lo destino, nunha visión hinduísta fatalista, nin a súa equivalente ábrá• musulmana (predestinación) os que os fan quer loitar na Cachemira quer asinar unha paz ou un acordo comercial. Mais practicamente, o manto estadounidense tóndese no subcontinente indio por invitación, tras facelo polas bravas en Oriente Medio e Asia Central.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

#### **APARTADO TEMÁTICO GEOGRÁFICOS**

Asia ARQUIVO

#### **IDIOMA**

Galego

#### **Date Created**

Xaneiro 13, 2004

#### **Meta Fields**

**Autoria :** 3954

**Datapublicacion :** 2004-01-13 00:00:00